



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 820 Semana do 11 ao 17 de febreiro de 2019

O GOBERNO CONCÉDELLE O INDULTO A CARLOS E SERAFÍN

Redacción.- O pasado luns, día 11, o Boletín Oficial do Estado publicaba nas súas páxinas os indultos parciais concedidos polo Goberno a Carlos Rivas e Serafín Lorenzo para evitar o seu ingreso en prisión polos tres anos de condena a consecuencia de ter participado na folga do sector do transporte da provincia de Pontevedra no ano 2008.

Xa hai case sete anos que a Audiencia provincial de Pontevedra fixo firme a sentenza e cinco dende que UGT, xunto con CCOO e CIG, solicitaron outra vez o indulto tras a primeira negativa do Goberno no ano 2013.

O calvario que viviron estes dous traballadores e os momentos de incerteza para eles e as súas familias remataron xa. Agora si terán que facer efectiva unha multa

coa que se fará a permuta da condena.

Carlos e Serafín, arrouparados polo secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, xunto cos secretarios xerais dos outros dous sindicatos na comarca, ofreceron este martes unha rolda de prensa na que explicaron a súa situación e para agradecer as mostras de apoio recibidas neste longo proceso.

Ambos tiveron palabras de agradecemento para os tres sindicatos, para a xente que saíu á rúa nas mobilizacións convocadas, para a prensa que se fixo eco da súa situación, para as institucións que mediaron e os apoiaron e para aqueles que asinaron o indulto, o Goberno de Pedro Sánchez.

Pola súa banda, Ernesto Fontanes



aproveitou a rolda de prensa para reclamar a supresión do tan dañino e preconstitucional artigo 315.3 do Código Penal para que esta inxusta situación non a teña que vivir ninguén máis polo simple feito de defender os dereitos laborais dun colectivo de traballadores.

UN CLAMOR MULTITUDINARIO DEIXOUSE OÍR EN SANTIAGO ESTE DOMINGO EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

Redacción.- Miles de persoas percorreron as rúas de Santiago este domingo en defensa da sanidade pública galega, partindo da Alameda compostelana ata ateigar a Praza da Quintana.

A cidadanía galega díxolle á Xunta ben alto e ben claro que basta xa de recortes no sistema sanitario galego porque estes matan e que a saúde non pode seguir sendo un negocio.

Chegou o momento de recuperar o perdido polos recortes en materia de persoal sanitario, camas e orzamentos.

Na manifestación tamén se demandou acabar coa marxinación da atención primaria e coas EOXIS.

Outra das demandas que está enriba da mesa é a necesidade de recuperar as áreas sanitarias e os hospitais comarcais. Tamén chamouse a atención sobre a necesidade de dotar axeitadamente aos PAC e aos servizos de urxencias hospitalarios.

Garantir un sistema sanitario público de calidade en Galicia tamén supón rematar coa precariedade laboral que impera, así como, recuperar todos os servizos e centros que foran privatizados nestes últimos anos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

GALICIA LABORAL, Boletín dixital da UGT de Galicia

nº 820

O TERCEIRO ERE DE VODAFONE EN SEIS ANOS

Redacción.- Os traballadores de Vodafone en Galicia xa comezaron un proceso mobilizador para denunciar o xeito de actuar da empresa de telecomunicacións que xa vai co terceiro ERE en seis anos.

Xaneiro novo ERE

En xaneiro deste ano presentou un novo ERE que afectará a 1.198 persoas, aducindo causas estruturais, económicas e organizativas. Un vez máis, isto vai traer consigo unha importante redución de emprego. Desta vez, afectará ao 23% da plantilla e a todos os centros de traballo que Vodafone ten en España.

Concretamente, en Galicia, segundo os datos que se manexan neste momento, afectaría a 9 traballadores no centro da Coruña e a 32 no de Vigo.

Centralización

FeSMC-UGT-Galicia denuncia que o preocupante e progresivo descenso dos postos de traballo nesta Comunidade evidencia a centralización que este operador está a impoñer.

Mobilizacións

Para denunciar esta situación,

FeSMC-UGT, xunto con outros sindicatos abriu un proceso mobilizador e comezou un calendario de xuntanzas con diferentes organizacións e institucións para trasladarlles o malestar dos traballadores. Tiveron lugar encontros con representantes do Concello da Coruña; do Concello de Vigo; do Grupo parlamentario do PP; Grupo Parlamentario do PSdeG; Grupo Parlamentario do BNG; Grupo Parlamentario de En Marea; e coa Secretaría de Emprego da Xunta.

Ademais destas xuntanzas, os traballadores de Vodafone en Galicia levan xa seis xornadas de protesta con paros dunha hora os días 29 e 31 de xaneiro e



5 e 7 de febreiro e cunha folga de 24 horas os días 11 e 13 de febreiro.

Neste momento continúan abertas as negociacións entre a empresa e os sindicatos ata o 24 de febreiro.

SEGUIMIENTO MASIVO DAS CATRO PRIMEIRAS XORNADAS DE FOLGA EN AMBULANCIAS

Nova convocatoria de folga para a vindeira semana e manifestación en Santiago o día 20

Redacción.- Seguimento masivo e éxito absoluto na convocatoria das catro primeiras xornadas de folga dos traballadores do transporte sanitario de toda Galicia, os días 8, 9, 10 e 11. Paros aos que lle seguiu unha gran caravana de coches na Coruña o día 12 que colapsou parte do tráfico da cidade.

Balance e novas mobilizacións

O pasado mércores, os reponsables do sector dos sindicatos convocantes ofreceron unha rolda de prensa na que fixeron balance do primeiro período de folga e adiantaron o seguinte que abarcará toda a vindeira semana, do día 18 ao 24. Ademais, o día 20 os sindicatos convocaron unha manifestación en Santiago que sairá ás 11.30

horas da Praza Roxa, discurrirá polas rúas compostelanas ata San Caetano.

Neste encontro cos medios Óscar Vázquez (FeSP-UGT) incidiu en que se chegou ata aquí neste conflito porque as empresas de transporte sanitario presentáronse á baixa a un concurso convocado pola Xunta con coñecemento previo de que estaba mal presuposto e que era insuficiente. Agora ameazan cunha baixada de salario do 10% e iso é o que non se vai consentir, despois de tres anos de negocia-



ción.

Despois da semana que ven está prevista outra semana máis de folga, do 4 ao 10, que pasará a ser indefinida a partir do 20 de marzo se non se lle da unha solución antes ao conflito.

A EXPOSICIÓN ITINERANTE “130 ANOS DE LOITAS E CONQUISTAS” CHEGA A SANTIAGO

Redacción.- Dentro dos actos conmemorativos do 130 aniversario de UGT, o sindicato está a organizar unha exposición gráfica itinerante onde se recollen os períodos máis significativos da longa traxectoria de UGT, repasando os acontecementos da loita obreira e as reivindicacións por un mundo máis xusto.

Esta exposición, que está a percorrer todas as provincias de España, xa estivo en Ourense e Vigo e agora chega a partir do día 20 de febreiro a Santiago.

Concretamente, estará do 20 de febreiro ao 4 de marzo no centro sociocultural do Ensanche; do 5 ao 25 de marzo no centro sociocultural de Santa Marta; do 26 de marzo ao 16 de abril no centro sociocultural José Saramago de Vite; do 23 de abril ao 16 de maio no centro sociocultural das Fontiñas; e do 28 de maio ao 18 de xuño no centro do Castiñeiríño.



Os traballadores ratifican o acordo con Froiz e queda desconvocada a folga

Redacción.- Despois dun arduo traballo de negociación por parte de FeSMC-UGT e a dirección de Froiz, chegouse a última hora do pasado mércores a un acordo no relativo á modificación substancial das condicións de traballo no almacén central do grupo. Este foi trasladado á asemblea de traballadores o xoves a primeira hora e ratificado por eles, o que pon fin á convocatoria de folga indefinida que estaba enriba da mesa.

FeSMC valora positivamente este acordo, froito dun duro traballo de negociación, que permitirá que a partir do día 25 deste mesmo mes os traballadores do almacén central de Froiz dispoñan xa dos novos horarios nos que se recollerán todos os dereitos e descansos que permitan unha conciliación da vida laboral e persoal efectiva.

UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA PARA O PROGRESO SOCIAL E ECONÓMICO

Os PXE eran o punto de partida necesario para deixar atrás as políticas de austeridade e recortes

Redacción.- UGT considera que os Orzamentos Xerais do Estado que esta semana tombou o Congreso son unha oportunidade perdida para acabar coas políticas de recortes e austeridade, recuperar liberdades e dereitos sociais e laborais, revertir un modelo de crecemento desigual e repartir a riqueza que se xera de forma máis xusta e equilibrada.

O sindicato sinala que as contas presentadas polo Goberno, aínda sendo mellorables, eran as máis sociais e equilibradas das presentadas nos últimos anos e abandonaban a liña continuista dos anteriores exercicios. A pesar de non ter en conta a obrigada consulta previa cos interlocutores sociais, eran uns orzamentos máis expansivos, que impulsaban as políticas sociais e afianzaban o Estado de Benestar, restituíndo parte dos dereitos perdidos polos cidadáns.

Os partidos políticos, fundamentalmente a maioría que impulsou a moción de censura, deberían primar os intereses dos cidadáns aos seus propios e sacar adiante este proxecto en beneficio do interese xeral.

UGT considera que a lexislatura non se pode saldar sen desmontar as reformas do Partido Popular e aposta por aprobar por decreto as cuestións acordadas xa nas mesas

de negociación como a recuperación da ultraactividade dos convenios, a prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa ou o control horario, así como avanzar nas mesas de diálogo en marcha.

O sindicato defende que é necesario pasar das palabras aos feitos e publicar os acordos alcanzados no Boletín Oficial do Estado canto antes. E, por iso, seguirá demandando a derogación da reforma laboral de 2012, así como a da reforma de pensións de 2013 e que se blinde por lei o poder adquisitivo das pensións conforme ao IPC; o crecemento do SMI ata alcanzar o 60% do salario medio, tal como marca a Carta Social Europea, subscrita por España (isto supón que alcance os 1.000 euros mensuais en 14 pagas, en 2020) ou restituír os dereitos perdidos e todos os recortes que se produciron no noso Estado de Benestar e no ámbito laboral.

É preciso seguir investindo en políticas de emprego eficientes que potencien e reformulen as políticas activas e que reforcen as prestacións por desemprego, para aumentar o seu grao de protección contributivo e asistencial. E aprobar, no marco do diálogo social, un verdadeiro plan de choque, con recursos excepcionais, para impulsar a contratación laboral e o emprego de calidade, especialmente

dos colectivos en peores condicións.

Outras medidas urxentes son reformar e fortalecer os sistemas de protección social e garantir que os perceptores do IPREM recuperen o poder adquisitivo perdido nestes anos de crises e que se estableza un sistema permanente de revalorización automática que manteña o valor real deste indicador ao longo do tempo. Despois de sete anos de conxelación e subidas pírricas, o aumento do 2% previsto para 2019 é totalmente insuficiente para atender aos colectivos máis vulnerables.

En definitiva, hai que dotar de recursos a toda unha batería de políticas sociais encamiñadas a reducir a pobreza e a desigualdade social, medidas para garantir unha vivenda alcanzable para todos os cidadáns, garantir un sistema sanitario universal e de calidade e unha educación que chegue a todos, entre outras cuestións. Trátase de combater, en todas as frentes, a pobreza e a desigualdade social, que se disparou en España, de maneira alarmante, baixo a escusa da crise e pola aplicación de políticas neoliberais que só favoreceron aos que máis teñen. Neste sentido, UGT vai continuar traballando para levar a cabo as transformacións pendentes e conformar unha nova senda de progreso máis xusta e eficiente para o noso país.

UN DE CADA CATRO CONTRATOS TEMPORAIS É IGUAL OU INFERIOR A 7 DÍAS

Tras sete anos da entrada en vigor da reforma laboral do PP, o emprego é máis inestable, menos seguro e peor pagado

Redacción.- O pasado luns cumpríronse sete anos da entrada en vigor da reforma laboral do Goberno do PP do ano 2012. Neste aniversario, a Unión Xeral de Traballadores denuncia que esta reforma foi unha das grandes responsables da degradación do emprego en España, xa que hoxe os traballos son de peor calidade, máis inestables, menos seguros e peor pagos.

Os niveis de desemprego descendieron nestes sete anos. Actualmente hai 1,4 millóns de empregos máis que a finais de 2011, xusto antes da reforma, e case 2 millóns de desempregados menos. Pero isto non é froito da reforma laboral, senón do aumento da actividade económica, da inxección monetaria do Banco Central Europeo (BCE) a partir de 2012 e a caída do prezo do petróleo. Ao contrario, a reforma laboral contribuíu a aumentar os contratos de peor calidade.

Neste sentido, a temporalidade, en lugar de reducirse, non deixou de crecer. En 2011, a taxa de temporalidade era do 25,1% e en 2018 foi do 26,8%. Ademais, a reforma non impulsou apenas os contratos indefinidos, senón que aumentou a rotación laboral. Os contratos temporais realizados son cada vez de máis curta duración: un de cada catro contratos temporais son de duración inferior a sete días e en 2018 hai 6,5% máis de contratos de moi curta duración que no ano 2011.

Agora hai máis ocupados, pero trabállase menos horas. Mentres os postos de traballo creceron un 2,4%, as horas traballadas fixérono só un 0,6%. O número de horas traballadas por cada emprego caeu un 1,7%, como consecuencia do aumento do emprego a tempo parcial.

Un contrato a tempo parcial que se converte nunha importante fonte de precariedade laboral. Un de cada tres empregos creados desde 2011 foi a tempo parcial. Estes contratos creceron a un ritmo tres veces superior que os de tempo completo. Ademais, a maioría do emprego a tempo parcial en España é involuntario, porque os traballadores non atopan un traballo a tempo completo.



É dicir, a parcialidade non desexada ou involuntaria, a intensa rotación laboral, os contratos de curta duración e a subcontratación como forma de organización empresarial para abaratar a man de obra foron os factores craves que trouxo a reforma laboral do Goberno do PP para deteriorar ao máximo o mercado de traballo. Unha deterioración que provoca, á súa vez, menos ingresos, de impostos e de cotas á Seguridade Social, que debilita e espreme o noso Estado de Benestar.

Profundouse na desvalorización salarial

UGT lembra que a reforma laboral de 2012 non só precarizou o emprego e as condicións de traballo, senón tamén os salarios.

Desde o Goberno do PP, existiu unha estratexia política deliberada dirixida a abaratar os custos laborais ás empresas, e a reforma laboral foi o principal instrumento para aplicala, ao desequilibrar de maneira determinante a negociación colectiva en favor das empresas.

Desde 2011, os salarios en España perderon ao redor de 5 puntos de poder de compra. Ademais, foron os traballadores e traballadoras con menores rendas os que sufriron, en maior medida, a caída dos salarios reais no noso país. Mentres as empresas beneficiáronse das políticas do Goberno, os traballadores e traballadoras foron os grandes damnificados, algo que para UGT é intolerable.

UGT intensificará a mobilización se non se derroga a reforma

A economía crece desde 2014, pero a riqueza que se xera non chega aos traballadores e traballadoras, nin á gran maioría social, a pesar de ser as principais vítimas da crise. A saída desta crise foi, de xeito evidente, inxusta, onde esta maioría social sufriu os efectos máis severos da depresión, as políticas de austeridade, os recortes e a desvalorización salarial.

Unha substracción de dereitos que tivo como gran culpable a reforma laboral do Goberno do PP aprobada no ano 2012. Por iso, UGT reclama a necesidade imprescindible de derrogar esta reforma co fin de que o subemprego, a pobreza, a desigualdade e a precariedade non sexan a norma existente que imposibilite realizar un proxecto de vida e vulneren a saúde e a seguridade dos cidadáns.

O Goberno e as organizacións empresariais deben actuar e cumprir o que xa acordaron coas organizacións sindicais no marco do diálogo social. Hai que pasar xa das palabras aos feitos e aprobar unha contrarreforma laboral que obrigue a cambios substanciais para recuperar e mellorar dereitos sociais e laborais, repartir a riqueza e crear empregos dignos e de calidade.

Este é un dos obxectivos fundamentais dos actos convocados por UGT, xunto a CCOO, que se desenvolven con dous puntos de inflexión, o acto do pasado venres, 8 de febreiro, como punto crave, e o 8 de Marzo. Continuaremos intensificando a mobilización se non se derroga a reforma laboral de 2012 para mellorar non só a cantidade, senón a calidade dos empregos que se crean.

SEN RESPECTO NON HAI DEMOCRACIA

Pepe Álvarez: "Só o odio e a ignorancia poden levar á profanación de tumbas"

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores condena o acto vandálico perpetrado contra as tumbas do fundador do sindicato, Pablo Iglesias Posse, e a dirixente do PCE, Dolores Ibarruri "A Pasionaria" no cemiterio civil da Almodena.

UGT subliña que este tipo de accións de incitación ao odio non van amedrentar a ninguén no sindicato que vai seguir esixindo a reparación para as vítimas do franquismo así como respecto porque sen respecto non hai democracia.

Segundo o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, "só o odio e a ignorancia poden levar á profanación de tumbas. O noso máis profundo desprezo ante estes actos vandálicos. Non pararemos na esixencia de reparación das vítimas do franquismo".

UGT CONSEGUE A PRIMEIRA SENTENZA QUE RECOÑECE A RELACIÓN LABORAL ENTRE GLOVO E OS SEUS REPARTIDORES

Redacción.- O Xulgado do Social número 33 de Madrid ditou sentenza recoñecendo que un repartidor de Glovo é un falso autónomo e ten relación laboral con esta empresa. Os servizos xurídicos de UGT, representados por Bernardo García, avogado da Federación de Servizos para a Mobilidade e o Consumo (FeSMC-UGT), instaron a demanda dun repartidor que fora despedido por participar nunha folga espontánea realizada en setembro de 2018 por parte dos repartidores e repartidoras de Glovo para reivindicar melloras nas súas condicións de traballo.

A sentenza coñecida esta semana, favorable para os traballadores, prodúcese tras dúas sentenzas contrarias ditadas polos Xulgados do Social nº 37 e 17 de Madrid, que consideraran que a relación destes repartidores de Glovo era propia de traballadores autónomos economicamente dependentes.

O texto da sentenza recolle con detalle as circunstancias e condicións nas que se presta o servizo de repartición en Glovo, analiza a

nova realidade da actividade produtiva a través das novas tecnoloxías e plataformas dixitais e conclúe aceptando a argumentación de UGT de que a relación de traballo dos repartidores é laboral, aplicándose en toda a súa extensión á mesma as normas laborais e de Seguridade Social propias do traballo asalariado.

Tras recoñecer a relación laboral, cualifica o despedimento como nulo, por ser consecuencia do exercicio por parte do repartidor dos seus dereitos fundamentais de folga e liberdade de expresión.

Para UGT, o seguinte paso será o conflito colectivo exposto na Audiencia Nacional, que está en fase preparatoria, así como os procedementos de oficio iniciados pola Tesourería da Seguridade Social contra Deliveroo e Glovo, nos que o sindicato se personará para facer valer os criterios expostos nesta sentenza que deixa con absoluta claridade a relación laboral.



Na batalla por demostrar as fraudes laborais das plataformas dixitais, que desenvolve o sindicato, está a resultar de gran utilidade a plataforma dixital www.turespuestasindical.es; unha actuación que se estende por Europa, onde UGT está a colaborar no proxecto europeo sobre "gig economy" chamado Don't Gig UP! da Fundación Giacomo Brodolini. Esta sentenza, gañada por UGT, únese a outras dúas gañadas polo sindicato FNV de Bélxica contra Deliveroo.

A FORMACIÓN DAS MULLERES EN CIENCIA E TECNOLOXÍA, ESENCIAL PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

Redacción.- UGT, con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, denuncia a brecha de xénero que existe en España neste ámbito, tanto nos estudos relacionados coas especialidades tecnolóxicas, como nos postos de traballo, onde a muller ten moi pouca representación.

No noso país menos dun 28% do total de enxeñeiros graduados son mulleres, só representan o 13% dos graduados en ciencias, matemáticas e especialidades tecnolóxicas e, unicamente un 0,6% das mulleres graduadas en educación superior elixiron como campo de estudos as TIC, é dicir, hai cinco veces máis homes que mulleres que estudan ou se forman en TIC.

Ocorre o mesmo cos empregos TIC. Se-

gundo datos de 2018, só o 9,6% das empresas empregan mulleres especialistas neste ámbito, un punto menos que en 2017 e, ademais, a brecha salarial das mulleres neste ámbito sitúase no 20%. De feito, o papel das empresas en xeral, pero especialmente as tecnolóxicas, que non proporcionan facilidades en termos de corresponsabilidade e conciliación, e que presionan ás súas traballadoras para aumentar artificialmente as súas xornadas de traballo, contribúe a agudizar esta desigualdade, expulsando ás mulleres deste mercado laboral- en palabras da Comisión Europea, trátase de "fugas na tubaxe", achacables unicamente ás erróneas políticas das empresas.

E todo isto a pesar de que as mulleres especialistas en TIC xeran unha maior produ-

tividade no posto de traballo. Ademais do custo social, a propia Comisión Europea cifra o custo económico que supón esta subrepresentación das mulleres en 16.100 millóns de euros.

UGT considera que esta brecha de xénero no ámbito da Ciencia e a Tecnoloxía é como consecuencia de que prevalecen estereotipos culturais e machistas e esixe a adopción de políticas para combater esta situación. O futuro debe converterse nunha oportunidade para avanzar na igualdade non para perpetuar as discriminacións. Esixe políticas inclusivas, sociais e xustas, que faciliten unha verdadeira conciliación da vida laboral e familiar e capaces de avanzar na igualdade real de oportunidades entre todas as persoas, independentemente do seu xénero.

O CRECEMENTO CONTIDO DO IPC PLANTEA UN ESCENARIO FAVORABLE Á SUBIDA DE SALARIOS

UGT chama ás organizacións empresariais a ser consecuentes cos compromisos adquiridos e concretar subidas salariais superiores ao 2% na negociación colectiva

Redacción.- Os prezos baixaron un 1,3% no mes de xaneiro en relación co mes anterior, segundo o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) publicado hoxe polo Instituto Nacional de Estatística (INE), mentres que a taxa interanual situouse no 1,0% cunha diminución de 2 décimas respecto ao mes de decembro.

A orixe deste crecemento contido da inflación está moi relacionado co descenso dos prezos do petróleo respecto os rexistrado a comezos de 2018 e tamén cunha baixa tendencia na inflación subxacente (por baixo do 1.0%). Respecto á baixada do mes explícase sobre todo polo efecto das rebaixas.

Tendo en conta que a economía española mantén un ritmo de crecemento levemente máis moderado que en anos anteriores, pero aínda alto, unido ao crecemento contido da inflación, UGT considera que estamos nun escenario favorable para a



revalorización dos salarios nos termos acordados entre as patronais CEOE e CEPYME e as organizacións sindicais UGT e CCOO no IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva. O 2,08 de subida salarial pactada nos convenios asinados en 2018 axustouse á franxa mínima das revalorizacións pactadas, algo que o sindicato considera claramente insuficiente.

En consecuencia, UGT fai un chamado ás organizacións empresariais a actuar en consecuencia cos compromisos adquiridos e concretar nas mesas de negociación dos convenios colectivos abertos subidas salariais superiores ao 2%, así como a revalorización extra dos salarios mínimos de convenio para situalos no mínimo de 1.000 euros mensuais en 14 pagas.

UGT PIDE A GOBERNO, CEOE E FORZAS POLÍTICAS QUE NON IMPIDAN AS REFORMAS DE PENSÍONS NAS QUE COINCIDE CON AIREF

Redacción.- A AIREF, como máxima autoridade responsable de vixiar a sustentabilidade das contas públicas, realizou un serio chamamento á responsabilidade acerca das repercusións que tería para esa sustentabilidade a longo prazo o feito de que non se adoptasen as medidas necesarias para canalizar e corrixir o déficit actual da Seguridade Social, no escenario de curto e medio prazo, e ante os desafíos aos que se terá que afrontar a longo prazo o sistema de pensións.

UGT, dadas as actuais circunstancias, apela ao Goberno, ás organizacións empresariais e á responsabilidade das forzas políticas, ao seu compromiso tanto coa garantía e sustentabilidade das pensións como coa estabilidade fiscal.

Segundo a AIREF, as medidas deberían tomarse desde este mesmo momento, o que permitiría devolver á Seguridade Social á situación de equilibrio, recuperar a garantía do mantemento do poder adquisitivo das pensións e, xunto a outras medidas, crear as condicións para garantir a sustentabilidade do sistema de pensións.

As organizacións sindicais, UGT e CCOO, realizamos, nesta dirección de adaptar de forma inmediata as medidas

necesarias, unha proposta ao Goberno e ás organizacións empresariais que permitiría, en primeiro lugar, pechar a curto prazo o déficit actual do sistema de Seguridade Social e, a continuación e sobre esa base, afrontar a sustentabilidade futura do sistema de pensións ante a chegada, dentro de aproximadamente unha década, á xubilación da xeración do baby boom.

A proposta sindical coincide con algunhas das formulacións que realizou a AIREF nos últimos meses. Estes informes mostran claramente:

1. Que existen as condicións para eliminar o déficit da Seguridade Social reorientando adecuadamente os actuais ingresos por cotizacións desde os ámbitos nos que existen claros excedentes contributivos que dan lugar á substitución das debidas achegas do Estado. E xunto a iso, que estas achegas deben asumir, así mesmo, gastos que actualmente soporta, sen corresponderlle, a Seguridade Social.

2. Que os escenarios de longo prazo



das pensións, cando estes constrúense sobre bases racionais e solventes, mostran que o gasto futuro manterase, incluso contabilizando o aumento no número de pensionistas por efecto da xubilación da xeración do baby boom e o mantemento do poder adquisitivo, nuns niveis respecto ao PIB similares aos da maioría de países da nosa contorna e por tanto perfectamente sustentables para a economía e a sociedade española.

3. Que, por tanto, o que é necesario abordar non é o recorte das pensións, senón as limitadas diferenzas futuras entre ingresos e gastos do sistema de pensións, que se derivarían de que os ingresos por

cotizacións terían que ser suplementados. Para o que, deberíanse ir adoptando ao longo do tempo medidas sobre 1) os parámetros do sistema de pensións, como as que eleven a idade efectiva de xubilación para aproximala á idade legal, evitando a xubilación prematura e involuntaria dos traballadores; 2) as condicións do mercado de traballo, taxa de emprego e calidade do mesmo, que maximicen o rendemento da recadación por cotizacións; 3) a adopción dun conxunto de políticas que actúen sobre os fundamentos da sustentabilidade das pensións (volume e taxa de emprego, fluxos migratorios, natalidade, produtividade), reducindo a relación entre o PIB e o gasto en pensións; e 4) dotar de ingresos fiscais ao sistema en liña co que se realiza en moitos outros países da nosa contorna.

Estas son, consecuentemente, as liñas sobre as que se basea a proposta de UGT e CCOO. E constitúen unha proposta que ten a intención de substituír o inviable e indesexable sistema de sostemento das pensións que se estableceu na reforma de 2013, baseado no continuo recorte das mesmas. A AIREF tamén recoñece que o mantemento dun mecanismo que recorta de forma sostida e acumulativa o poder adquisitivo das pensións é inviable e insustentable.

A proposta sindical ten o obxectivo de

substituír esa formulación baseada nos recortes por un novo modelo de financiamento das pensións.

UGT destaca a urxencia e perentoriedade de adoptar estas medidas para evitar desde este mesmo momento que continúen producíndose déficits estruturais na Seguridade Social (que lastran o conxunto das contas das AAPP) que, de aumentar e acumularse no tempo, poderían conducir ao escenario de forte crecemento do endebedamento público co que alerta a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. Partindo da proposta realizada polos sindicatos, é necesario adoptar un acordo social que permita que se tomen xa as medidas necesarias.

A devolución dos PXE ao Goberno non pode nin debe ser motivo para non adoptar ou para demorar a adopción das medidas que corrixan o déficit da Seguridade Social.

O sindicato apela, por tanto, en primeiro lugar, ao Goberno para que adopte a decisión de subscribir o acordo social que expoñen as organizacións sindicais. En segundo lugar, ás organizacións empresariais que deberían formar parte, como sempre o fixeron, dun acordo para regular de presente e de futuro o sistema de Seguridade Social e formar parte dunha for-

mulación que, sen elevar os custos laborais, consolida o financiamento presente e futuro das pensións. Pero, así mesmo, dadas as actuais circunstancias, apela á responsabilidade das forzas políticas, ao seu compromiso tanto coa garantía e sustentabilidade das pensións como coa estabilidade fiscal.

Tanto unhas como a outra non poden esperar. Non se pode demorar durante moitos meses (disolución das Cámaras, eleccións, formación de novo goberno, retomar as formulacións sobre o asunto) a adopción de medidas necesarias que envíen unha mensaxe de tranquilidade aos pensionistas e de confianza sobre a senda de futuro dos niveis de endebedamento público, hoxe sumidos na incerteza derivada de que non se adoptan ditas medidas. Todo o cal é máis indesexable precisamente nun escenario no que non haxa novos Orzamentos. E, con todo, é totalmente factible, tamén á vista do consenso practicamente alcanzado na Comisión do Pacto de Toledo.


UGT pide, en consecuencia, responsabilidade a todos, altura de miras e compromiso. E ofrece todos os esforzos para aproveitar este tempo e encarrilar (porque nada o impide) un dos asuntos de maior entidade de presente e de futuro que ten ante si a sociedade española.

UGT, COA DIRECTIVA MARCO DA AUGA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores subscribiu o manifesto "Todos coa Directiva Marco da auga" co que máis dun centenar de organizacións da sociedade civil reclaman ás institucións do Estado español, en canto Estado membro da UE, que se manteña firme no apoio a esta directiva fronte ás manobras daqueles estados que pretende evitar sancións por incumprir o establecido nesta directiva.

A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, entrou en vigor o 22 de decembro do ano 2000, e foi transposta á lexislación española mediante a lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en cuxo artigo 129 inclúese a modificación do texto refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

A Directiva Marco da auga establece un marco legal para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras, e as augas subterráneas para conseguir, en úl-



timo termo, garantir subministración suficiente de auga en bo estado, reducir a contaminación das augas subterráneas, protexer as augas territoriais e mariñas, e cumprir os compromisos adquiridos para previr e erradicar a contaminación do medio ambiente.

Manobras para evitar sancións

As 111 organizacións asinantes do ma-

nifesto presentado esta semana denuncian as manobras dalgúns estados europeos que queren modificar a directiva, ampliando prazos e establecendo excepcións de cumprimento dos obxectivos, co único fin de evitar sancións comunitarias pola non aplicación da directiva. Estas organizacións avogan por manter a actual lexislación e dirixir os esforzos para mellorar o estado das nosas fontes de recursos hídricos e os ecosistemas acuáticos, garantía da auga de hoxe e do futuro.